



CONCELLO DE  
GONDOMAR



GONDOMAR  
sostible

Estimadas veciñas e veciños,

Dende o concello de Gondomar estamos a traballar na mellora do servizo de xestión dos residuos orgánicos que se xeran nas vivendas do noso concello. Pois, en conxunto, os restos de comida e restos vexetais representan case a metade dos residuos que xeramos nos nosos fogares e, ademais, son o tipo de residuo que máis problemas medioambientais xera se non se trata axeitadamente.

Como mostra deste compromiso ambiental, o Concello de Gondomar leva traballando dende o ano 2017 nun programa de compostaxe local a través do cal xa se lograron implantar máis de 600 composteiros domésticos e 2 Centros de compostaxe comunitaria que dan servizo ao casco urbano do Concello. Así como a posta a disposición da cidadanía dun servizo de préstamo de biotrituradoras para a xestión de biomasa domiciliaria.

Sen embargo, neste ano 2024 queremos seguir reforzando o traballo xa feito ata o momento cunha campaña para aumentar e mellorar a participación da cidadanía residente no municipio, tanto na separación en orixe da fracción orgánica municipal como na compostaxe deste material in situ.

**Quen pode solicitar un composteiro doméstico?** Poderano solicitar as veciñas e veciños empadroados no Concello de Gondomar que residan nunha vivenda unifamiliar e dispoñan dunha parcela verde onde instalar o composteiro.

**Con que finalidade se solicita este composteiro?** Co obxectivo de xestionar os restos da comida xerados nos fogares e os restos do xardín e da horta, deste xeito, reducimos a cantidade de residuos que van ao colector da fracción resto e axudamos a cumprir coa normativa vixente en materia de residuos.

Se queres axudar a mellorar a xestión dos residuos do Concello de Gondomar podes solicitar o teu composteiro entregando o documento de solicitude adxunto a esta carta no rexistro do Concello de Gondomar.

A inscrición é totalmente de balde e recibirás un composteiro doméstico, un manual de compostaxe e terás á túa disposición asesoramento técnico durante todo o proceso.

A entrega do composteiro realizarase a domicilio, previa cita, na que se acordará data e hora da entrega mediante chamada telefónica a cada persoa que solicite o composteiro, tamén realizaremos charlas informativas das que iremos informando puntualmente.

Esperando contar coa vosa participación, recíbide un cordial saúdo.

Paco Ferreira González, Alcalde de Gondomar.



**SOLICITANTE**

D.N.I.*	Nome e apelidos*					
Enderezo*			Núm.*	Escaleira	Andar	Porta
C.P.*	Municipio*	Provincia*		Teléfono fixo		Móbil*
Correo electrónico						

**REPRESENTANTE**

D.N.I.*	Nome e apelidos*					
Enderezo			Núm.	Escaleira	Andar	Porta
C.P.	Municipio	Provincia		Teléfono fixo		Móbil*
Correo electrónico						

**DATOS DO EMPRAZAMENTO DO COMPOSTEIRO INDIVIDUAL**

Referencia Catastral*
-----------------------

\*Campos obrigatorios

**O solicitante manifesta coñecer e responsabilízase de cumprir as normas establecidas.**

Gondomar, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asinado: \_\_\_\_\_

Registro número:

*Presentar no rexistro xeral do concello***Datos a cubrir polo persoal do departamento de padrón do Concello**Empadroada/o      **SI**       **NON** **EXCMO. SR. ALCALDE DO CONCELLO DE GONDOMAR**

**PROTECCIÓN DE DATOS:** De conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (RGPD) e a Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro (LOPDGDD), informámosle que os datos persoais e dirección de correo electrónico do interesado, serán tratados baixo a responsabilidade do CONCELLO DE GONDOMAR para o envío de comunicacións sobre a nosa relación contractual ou os nosos servizos municipais. Informámosle que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a [registroxeral@concellogondomar.gal](mailto:registroxeral@concellogondomar.gal). Dispón da información adicional e detallada sobre Protección de Datos na nosa web <https://concellogondomar.gal/en/contacta/politica-de-privacidad>.